# ACTA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DE SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

**Presidenta:**
Dª. Mª. del Pilar García Porto
(Por substitución)

**Sres/as. Deputados/as:**
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Carlos López López
Dª. Iria Castro Fernández

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **sete de marzo de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia de dona Mª. del Pilar García Porto, por substitución, por ausencia do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o señor Presidente don José Tomé Roca, o señor Vicepresidente don Efrén Castro Caloto e os señores deputados don Xosé María Arias Fernández e don Iván Castro Díaz.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN, ASESORAMENTO, CAPACITACIÓN, FORMACIÓN E APOIO TÉCNICO PARA A IMPLEMENTACIÓN DO MANUAL DO PRODUTO E CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE DOS ACTORES TURÍSTICOS DOS TERRITORIOS PARTICIPANTES NO PROXECTO PARA A CREACIÓN DA EXPERIENCIA "TURISMO DE ENCOROS DE ESPAÑA", FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA –*NEXT GENERATION EU*-, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación dos servizos de asistencia técnica para a realización de accións de sensibilización, asesoramento, capacitación, formación e apoio técnico para a implementación do manual do produto e certificación correspondente dos actores turísticos dos territorios participantes no proxecto para a creación da experiencia "Turismo de encoros de España", financiado pola Unión Europea – *Next Generation EU*-, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Expediente nº. 2025/CON_02/0000023.

Aos efectos de aprobación do expediente da "Contratación dos servizos de asistencia técnica para a realización de accións de sensibilización, asesoramento, capacitación, formación e apoio técnico para a implementación do manual do produto e certificación correspondente dos actores turísticos dos territorios participantes no proxecto para a creación da experiencia "Turismo de encoros de España" financiado pola Unión Europea – *Next Generation EU*-, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia ", consta no mesmo:

*Antecedentes*.

1. Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7SVUPCPJ54X66MWEAG75SBMU.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7SW3J6ZEXDJNOKBUMSK5AXDY.


| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 2/47 |

3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7SVUPCPP4N2VET6MOROEIXKE.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SW3PJLBZLQRN56MIXF7YDI4.
5. Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7SW3POHHV3JS53VVEE6JTAEA.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Declarar a urxencia do expediente "Contratación dos servizos de asistencia técnica para a realización de accións de sensibilización, asesoramento, capacitación, formación e apoio técnico para a implementación do manual do produto e certificación correspondente dos actores turísticos dos territorios participantes no proxecto para a creación da experiencia "Turismo de encoros de España" financiado pola Unión Europea – *Next Generation EU*-, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado con fondo da Unión Europea *Next Generation* EU do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia". Compoñente 14, Inversión 4 C14.I4", dirixido ás actuacións especiais no ámbito da competitividade mediante o desenvolvemento da submedida 1: Desenvolvemento de produto turístico e modernización do ecosistema turístico, polas razóns de interés público que se recollen na Memoria Xustificativa.

**2º.-** Aprobar a "Contratación dos servizos de asistencia técnica para a realización de accións de sensibilización, asesoramento, capacitación, formación e apoio técnico para a implementación do manual do produto e certificación correspondente dos actores turísticos dos territorios participantes no proxecto para a creación da experiencia "Turismo de encoros de España" financiado pola Unión Europea – *Next Generation EU*-, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado con fondo da Unión Europea *Next Generation EU* do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia", financiado con fondo da Unión Europea *Next Generation EU* do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**3º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o/s criterio/s que se recolle/n para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do

efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**4º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**5º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a a 51.450,00€ ao que se aplicará un IVE do 21%,10.804,50 €, o que fai un total de 62.254,50€, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SOPORTE E MANTEMENTO ASÍ COMO DO ACCESO SAVIA CLOUD A GINPIX7 (NÓMINA E RRHH) E A SAVIA ACADEMY PREMIUN PLUS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos soporte e mantemento así como o acceso Savia Cloud a Ginpix7 (Nómina e RRHH) e a Savia Academy Premium Plus, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato e providencia de inicio, con CSV: IV7SW3JYCEGNT6RZCLWT4AJ7KI.
Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7SVUPSHNG6LJOSQ4WT45RU4Q.
Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7SW3QJJBBNQSBKYUWDOFCT7Y.
Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7SW3Q4CEZZ7VHZWNINMMDWKI.
Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7SW3QSDJFT5CMNUZIQC4KGIQ.
Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación dos servizos soporte e mantemento así como o acceso Savia Cloud a Ginpix7 (Nómina e RRHH) e a Savia Academy Premium Plus, expediente 2025/CON_02/000025.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse os convites ao licitador que se indica a continuación: Soluciones Avanzadas En Informática Aplicada S.L. con enderezo de correo electrónico: concursos@savia.net

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 64.280,00 euros, ao que se aplicará un IVE do 21%, 13.498,80 €, o que fai un total de 77.778,80 €, de acordo co seguinte desglose:

| ANUALIDADE | APLICACIÓN | IMPORTE | RC |
|---|---|---|---|
| 2025 | 9200.216 | 26.329,60 | 22025/4696 |
| 2026 | 9200.216 | 38.889,40 | 220259/73 |
| 2027 | 9200.216 | 12.559,80 | 220259/73 |
| SUMA | | 77.778,80 | |

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado, para a anualidade 2025.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2026 e 2027 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DO LOTE I DA CONTRATACIÓN POR LOTES DAS PÓLIZAS DOS SEGUROS PRIVADOS DE RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL, SEGURO DE ACCIDENTES, SEGURO DE GANDO CABALAR, E SEGURO INTEGRAL DA FROTA DE EMBARCACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 28 de febreiro de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"*Antecedentes*.

1. Providencia de inicio e memoria xustificativa, con CSV: IV7V4QLYDMOKJLVJWYQB4ELPL4.
2. Pregos de prescricións técnicas Lote I (CSV: IV7V4SCLF5XNXLOOQ5F4EQCSIU)); Lote II (CSV: IV7V4SCL3FH4TTF3ABWCAFLEH4); Lote III (CSV: IV7V4SCILUPP4WWDDQV4K4PUKY) e Lote IV (CSV: IV7V4SHTJRU6KX47ZQVXL3RHEQ).
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7V4GY5NAOM7WHL6JEDKUDUKY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares,con CSV: IV7V4KANAB7JR7Z77UVRMIDCMU.
5. Informe xurídico con CSV: IV7V4KA2YDX5XBFSWUQACJ7SPY.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV : IV7V4KH7LPVJV2X2S3YVKNBH6I.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7V4KS3LH6Y7C4MUNGR6E7RIY.
8. Acordo de Xunta de Goberno do día 20 de decembro de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7V5XBO2EZ4L6HDZTVNCYHQMY.
9. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 22 de decembro de 2024. O día 20.12.2024 enviouse o anuncio ao DOUE.

DEPUTACIÓN DE LUGO

10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 22 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7V2KYPDFFJVTN2YJ4QJ5ZQG4 na que se recolle o seguinte:

"Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

| LOTE | SEGURO | EMPRESAS PRESENTADAS |
|---|---|---|
| 1 | SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL DE TÉCNICOS | 1.- ASEMAS, Mutua de Seguros y Reaseguros a Prima Fija<br>2.- MUSAAT, MUTUA DE SEGUROS A PRIMA FIJA |
| 2 | SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES | 1.- CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A (CASER SA)<br>2.- PREVISIÓN BALEAR, M.P.S<br>3.- MAPFRE VIDA S.A. |
| 3 | SEGURO DE GANDO CABALAR | 1.- MAPFRE ESPAÑA S.A. |
| 4 | SEGURO INTEGRAL DA FROTA DE EMBARCACIÓNS | 1.- MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS) |

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas infórmase aos membros da Mesa que a aseguradora Mutua de Riesgo Maritimo, SDAD Seguros A PF (Murimar Seguros)-Lote 4,que xunto co Anexo I a licitadora incorpora un documento co seguinte literal.

**Expediente: 2024/CON_02/000092**

Objeto del Contrato: Contratación de las pólizas de seguros privados de responsabilidad civil de técnicos, seguro de accidentes, seguro caballar y seguro de barcos.

**VALORES ACEPTADOS EMBARCACIONES DIPUTACION DE LUGO**

| | PELEGRIN II | PELEGRIN III | MENCIA | CANON DO SIL |
|---|---|---|---|---|
| VALOR PLIEGO | 90.150,00 | 90.150,00 | 1.080.000,00 | 150.250,00 |
| VALOR ACEPTADO | 70.000,00 | 70.000,00 | 450.000,00 | 90.000,00 |

Tendo en conta esta circunstancia a Mesa de Contratación acorda por unanimidade solicitar informe á Mediadora Howden Iberia, S.A.U. correduría de seguros y reaseguros,e ao servizo de Turismo para que informe sobre a viabilidade do ofertado, así coma que aceptación da oferta neses termos non supón un menoscabo económico


| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 7/47 |

para a Deputación Provincial de Lugo nin altera o contido dos pregos que rexen a licitación.

A Mesa de Contratación, tendo en conta que a oferta de Murimar Seguros é a única presentada para o Lote 4 e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron as súas ofertas dentro do prazo concedido a tales efectos, a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

Antes de comezar coa apertura pública dos sobres electrónicos que conteñen os criterios avaliables automáticamente, acórdase, que para o caso da oferta presentada por Murimar Seguros, a puntuación obtida resultado da apertura da súa oferta queda condiciónada á emisión dos informes favorables da Mediadora e do servizo de Turismo, Do contido dos informes darase conta na vindeira Mesa de Contratación que se celebre.

A Mesa de contratación acorda continuar coa apertura pública dos sobres electrónicos que conteñen os criterios avaliables automáticamente resultando o seguinte.

Lote 1. Seguro de responsabilidade civil profesional de técnicos.

| LOTE 1 | EMPRESAS PRESENTADAS | OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE | PUNTUACIÓNS |
|---|---|---|---|
| 1 | ASEMAS, Mutua de Seguros y Reaseguros a Prima Fija | Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 18.243,57 euros para un ano. (Máx. 50 puntos)<br>Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación.<br>Ampliación de suma asegurada na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 2.500 € por mensualidade: 15 puntos<br>☐SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☒NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Ampliación do período de indemnización na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 18 meses: 25 puntos<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Derogación da exclusión 8) Danos ocasionados ao patrimonio histórico-artístico: 5 puntos<br>☐SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☒NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Derogación da exclusión 12) Reclamacións derivadas de danos morais que non transcendan á esfera patrimonial do prexudicado: 5 puntos<br>☐SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☒NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas | 75 puntos<br>(50 +25 puntos) |
| 2 | MUSAAT, MUTUA DE SEGUROS A PRIMA FIJA | Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 20.109,39 euros (VEINTE MIL CIENTO NUEVE CON TREINTA Y NUEVE EUROS) para UN ano. (Máx. 50 puntos)<br>Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación.<br>Ampliación de suma asegurada na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 2.500 € por mensualidade: 15 puntos<br>☐SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☒NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Ampliación do período de indemnización na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 18 meses: 25 puntos<br>☐SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☒NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Derogación da exclusión 8) Danos ocasionados ao patrimonio histórico-artístico: 5 puntos<br>☐SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☒NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Derogación da exclusión 12) Reclamacións derivadas de danos morais que non transcendan á esfera patrimonial do prexudicado: 5 puntos<br>☐SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☒NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas | 45,36 puntos |

DEPUTACIÓN DE LUGO

## Lote 2. Seguro colectivo de accidentes.

| LOTE 2 | EMPRESAS PRESENTADAS | OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE | PUNTUACIÓNS |
|---|---|---|---|
| 1 | CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A (CASER SA) | Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 81.256,62 euros para un ano. (Máx. 20 puntos)<br>Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación.<br>Incremento de suma asegurada para a cobertura de Falecemento por Accidente a 20.000 Euros: 30 puntos.<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Incremento de suma asegurada para a cobertura de Invalidez Permanente por accidente, segundo baremo ata o límite de 20.000 Euros: 30 puntos .<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Incremento capital asegurado para a cobertura de Asistencia Sanitaria en centros de libre elección ata o límite de 3.000 Euros: 20 puntos.<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas | 94,76 puntos<br>(14,76 +30+30+20) |
| 2 | PREVISIÓN BALEAR, M.P.S | Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 59.980,00 euros para UN ano. (Máx. 20 puntos)<br>Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación. (Máx. 20 puntos)<br>Incremento de suma asegurada para a cobertura de Falecemento por Accidente a 20.000 Euros: 30 puntos.<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Incremento de suma asegurada para a cobertura de Invalidez Permanente por accidente, segundo baremo ata o límite de 20.000 Euros: 30 puntos .<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Incremento capital asegurado para a cobertura de Asistencia Sanitaria en centros de libre elección ata o límite de 3.000 Euros: 20 puntos.<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas | 100 puntos<br>(20+30+30+20) |
| 3 | MAPFRE VIDA S.A. | Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 73.729,35 euros (SETENTA Y TRES MIL SETECIENTOS VEINTINUEVE EUROS CON TREINTA Y CINCO CÉNTIMOS DE EURO) para UN ano. (Máx. 20 puntos)<br>Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación. (Máx. 20 puntos)<br>Incremento de suma asegurada para a cobertura de Falecemento por Accidente a 20.000 Euros: 30 puntos.<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Incremento de suma asegurada para a cobertura de Invalidez Permanente por accidente, segundo baremo ata o límite de 20.000 Euros: 30 puntos .<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas<br>Incremento capital asegurado para a cobertura de Asistencia Sanitaria en centros de libre elección ata o límite de 3.000 Euros: 20 puntos.<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas | 96,27 puntos<br>(16,27+30+30+20) |

## Lote 3. Seguro de gando cabalar.

| LOTE 3 | EMPRESAS PRESENTADAS | OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE | PUNTUACIÓNS |
|---|---|---|---|
| 1 | MAPFRE ESPAÑA S.A | Comprométese a prestar o servizo pola cantidade total de 4.200 euros (CUATROMIL DOSCIENTOS EUROS) para un ano.(Máx. 60 puntos)<br>Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación.<br>Inclusión de garantía de retirada e destrución para os animais de máis de 14 anos.- 40 puntos.<br>☒SI accede a incluir esta mellora nas coberturas<br>☐NON accede aa incluir esta mellora nas coberturas | 100 puntos<br>(60+40) |


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 9/47 |

Lote 4. Seguro integral da frota de embarcacións.

| LOTE 4 | EMPRESAS PRESENTADAS | PRIMA OFERTADA | PUNTUACIÓNS |
|---|---|---|---|
| 1 | MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS) | Comprométese a prestar o servizo (garantía de P&I , SOVI, seguro de cascos/máquina e equipos electrógenos de navegación) pola cantidade total de 35.359,28 euros para UN ano. -(Máx. 30 puntos)<br>Desglosar a prima nos seguintes conceptos:<br>A prima/anual relativa ao seguro de responsabilidade civil (garantía de P&I )é de 10.201,28 euros.<br>Indicar a prima relativa ao seguro de responsabilidade civil desglosada por embarcacións(garantía de P&I ) .<br>1.-Prima/ano na garantía de P&I -Embarcación Pelegrín II- de 2.127,19 euros.<br>2.- Prima/ano na garantía de P&I -Embarcación Pelegrín III- de 2.127,19 euros.<br>3.- Prima/ano na garantía de P&I -Embarcación Canón do Sil- de 1.995,25 euros.<br>4.- Prima/ano na garantía de P&I -Embarcación Mencía-RODMAN R53- de 3.951,68 euros.<br>A prima/anual relativa ao seguro obrigatorio de viaxeiros (SOVI )é de 6.798,00 euros.<br>A prima/anual relativa ao seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegacióné de 18.360,00 euros.<br>Indicar a prima relativa ao seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación desglosada por embarcacións(garantía de P&I ) .<br>1.-Prima/ano na garantía de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación -Embarcación Pelegrín II- de 1.173,42 euros.<br>2.- Prima/ano na garantía de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación -Embarcación Pelegrín III- de 1.173,42 euros.<br>3.- Prima/ano na garantía de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación -Embarcación Canón do Sil- de 1.955,70 euros.<br>4.- Prima/ano na garantía de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación -Embarcación Mencía-RODMAN R53- de 14.057,46 euros.<br>Mellora de coberturas e características técnicas – 70 puntos distribuídos como segue:<br>Comprométese a ofrecer unha franquía xeral por sinistro na garantía de cascos de 500 euros.(Franquía máxima de 500 euros según o recollido nos PPT.)Máximo 25 puntos<br>Comprométese a ofrecer unha franquía xeral por sinistro na garantía de P&I (para accidentes que non sexan por colisión ou perda e danos materiais non a bordo) de 1.000 euros.(Franquía máxima de 1.000 euros según o recollido nos PPT.)Máximo 25 puntos.<br>Comprométese a ofrecer unha franquíapara reclamacións de responsabilidade por colisión/abordaxe, e a perda ou danos materiais non a bordo do buque asegurado na garantía de P&I de 2.500 euros.(Franquía máxima de 2.500 euros según o recollido nos PPT.)Máximo 20 puntos. | 30 puntos |

Segundo se recolle na cláusula décimo terceira do PCAP, por tratarse dun contrato privado e pola propia natureza do obxecto da contratación (o mercado asegurador),non procede fixar límites para considerar a oferta anormal ou desproporcionada.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.-Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote 1. Seguro de responsabilidade civil profesional de técnicos.

| ORDE | LICITADORA | PUNTUACIÓNS |
|---|---|---|
| 1 | ASEMAS, Mutua de Seguros y Reaseguros a Prima Fija | 75 puntos |
| 2 | MUSAAT, MUTUA DE SEGUROS A PRIMA FIJA | 45,36 puntos |

Lote 2. Seguro colectivo de accidentes.

| ORDE | LICITADORA | PUNTUACIÓNS |
|---|---|---|
| 1 | PREVISIÓN BALEAR, M.P.S | 100 puntos |
| 2 | MAPFRE VIDA S.A. | 96,27 puntos |
| 3 | CAJA DE SEGUROS REUNIDOS COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A (CASER SA) | 94,76 puntos |

Lote 3. Seguro de gando cabalar.

| ORDE | LICITADORA | PUNTUACIÓNS |
|---|---|---|
| 1 | MAPFRE ESPAÑA S.A | 100 puntos |

Lote 4. Seguro integral da frota de embarcacións.

| ORDE | LICITADORA | PUNTUACIÓNS |
|---|---|---|
| 1 | MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS) | 30 puntos |

No caso do Lote 4 a admisión da oferta de Murimar Seguros queda condicionada á incorporación no expediente dos informes favorables emitidos pola Mediadora Howden Iberia, S.A.U. correduría de seguros y reaseguros,e polo servizo de Turismo no sentido da viabilidade do ofertado, así coma que aceptación da oferta neses termos non supón un menoscabo económico para a Deputación Provincial de Lugo nin altera o contido dos pregos que rexen a licitación.

2º- Requirir ás empresas que se relacionan a continuación, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, de acordo co previsto ao efecto no Real Decreto Lei 36/2020 (art. 50.1.d), presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

No caso do Lote 4 o requirimento da documentación á Murimar Seguros queda condicionado ao amentado no punto anterior.

| LOTES | LICITADOR | PREZO DE ADXUDICACIÓN | IMPORTE DA GARANTÍA (5%) |
|---|---|---|---|
| 1 | ASEMAS, Mutua de Seguros y Reaseguros a Prima Fija | 18.243,57 euros | 912,18 euros |
| 2 | PREVISIÓN BALEAR, M.P.S | 59.980,00 euros | 2.999,00 euros |
| 3 | MAPFRE ESPAÑA S.A | 4.200 euros | 210 ,00 euros |
| 4 | MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS) | 35.359,28 euros | 1.767,96 euros |


| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 11/47 |

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.(…)"

12. Dando cumprimento ao acordado na Mesa de Contratación de data 22.01.2025, xúntase ao expediente Informe de data 22 de xaneiro de 2025 emitido por Howden Iberia, S.A.U. corredoría de seguros e reaseguros, en relación ao valor convenido das embarcacións que presenta a compañía aseguradora Murimar Seguros Mutua de seguros a prima fixa na súa oferta ao Lote 4 o informe conclúe no seguinte sentido:
"(...)
Tras revisar el valor convenido propuesto por la compañía Murimar Seguros, hemos comprobado que la valoración es correcta y se corresponde al estado, la antigüedad y al tipo de cada embarcación. Asimismo, se comprueba que esta valoración no supone un menoscabo económico para la Diputación Provincial de Lugo.
Cabe destacar que la oferta presentada por Murimar Seguros en todo caso no altera el contenido de los pliegos que rigen la contratación.
En base a lo mencionado, se debe aceptar el valor convenido propuesto por la compañía Murimar Seguros al entender que dicha valoración se adecúa al estado actual de las embarcaciones y que no supone un perjuicio para la Diputación Provincial de Lugo."

13. Dando cumprimento ao acordado na Mesa de Contratación de data 22.01.2025, xúntase ao expediente o informe emitido pola Xefa do Servizo de Cultura e Turismo, Mercedes Lamela López, con CSV: IV7VETJNLAFYTSE3S3WFGQJSKI e que se reproduce a continuación:

"Informa:
1º. Visto o informe de valoración convida proposta pola compañía Murimar Seguros e visto tamén o informe emitido por Howden Iberia S.A.U. como mediadores da Deputación de Lugo, onde se di, entre outras cousas:
(…)
"Tras revisar el valor convenido propuesto por la compañía Murimar Seguros, hemos comprobado que la valoración es correcta y se corresponde al estado, la antigüedad y al tipo de cada embarcación. Asimismo, se comprueba que esta valoración no supone un menoscabo económico para la Diputación Provincial de Lugo.
Cabe destacar que la oferta presentada por Murimar Seguros en todo caso no altera el contenido de los pliegos que rigen la contratación.
En base a lo mencionado, se debe aceptar el valor convenido propuesto por la compañía Murimar Seguros al entender que dicha valoración se adecúa al estado actual de las embarcaciones y que no supone un perjuicio para la Diputación Provincial de Lugo. (..)"

2º. Comunicado o valor convido das embarcacións que presenta a compañía aseguradora Murimar Seguros á Deputada- Delegada de Turismo, co que se mostra conforme:

| EMBARCACIÓN | VALOR CONVENIDO |
|---|---|
| PELEGRÍN II | 70.000 |
| PELEGRÍN III | 70.000 |
| CANÓN DO SIL | 90.000 |
| MENCÍA | 450.000 |

Á vista do que antecede, este Servizo acepta o valor convido da proposta de Murimar Seguros de conformidade co informe emitido por Howden Iberia S.A.U., mediadores da Deputación Provincial de Lugo.”

15. Resolución da Presidencia do día 31 de xaneiro de 2025, con CSV: IV7VE6TYOAWI3T4TWZVXPZ2HMI pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP aos mellor clasificados.

16. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 03 de febreiro de 2025.

17. O día 19 de febreiro de 2025 se celebra Mesa de contratación con CSV: IV7SUTBKKBG7JNEOU575GQACPY aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a empresa presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.
“(...)
O volume anual de negocios das entidades aseguradoras correspóndese coas primas imputadas ao exercicio, netas de reaseguro, da conta de perdas e ganancias (Real decreto 131782008, de 24 de xullo, polo que se aproba o Plan de contabilidade das entidades aseguradoras). Incorpóranse ao expediente bastanteos dos poderes dos representantes das empresas efectuados pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, certificados do Servizo de Recadación provincial ,cartas de pago das garantías depositadas para cada un dos lotes así como os certificados emitidos pola Dirección General de Seguros y Planes de Pensiones onde consta a inscrición no rexistro das aseguradoras ,o ámbito e o ramo da actividade no que están autorizadas para realizar operacións de seguro ou reaseguro no seu.
Non obstante, cabe destacar os seguintes aspectos da documentación presentada para o Lote I.

Respecto da documentación presentada polo licitador ASEMAS- Mutua de Seguros y Reaseguros (Lote I), detéctase que ten que subsanar a seguinte documentación.

(1)- Acreditar que a entidade aseguradora ten un obxecto social adecuado para o desempeño do obxecto da contratación (lote I: seguro de responsabilidade civil profesional de técnicos) , xa que nas escrituras presentadas pola entidade, o obxecto social indicado soamente se refire á cobertura dos riscos inherentes a Responsabilidade Civil que se puidera esixir aos arquitectos superiores no desempeño das súas funcións.

(2)- Aportar acordo adoptado pola Comisión Executiva de ASEMAS para que faculte ao seu apoderado a tomar parte no concurso. Este acordo ten que constar con carácter previo e expreso á presentación da súa oferta ao procedemento.

(3)- Acreditar a solvencia técnica, xa que na documentación non aporta certificados de boa execución de servizos prestados en algún dos tres últimos anos.O importe mínimo a xustificar é 14.862,94 euros.

A Mesa de contratación, vista a documentación presentada e incorporada para o Lote I, acorda, por unanimidade dos seus integrantes:

Requirir a ASEMAS- Mutua de Seguros y Reaseguros (lote I) para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

(1)- Acredite que a entidade aseguradora ten un obxecto social adecuado para o desempeño do obxecto da contratación (lote I: seguro de responsabilidade civil profesional de técnicos), xa que nas escrituras presentadas pola entidade, o obxecto social indicado soamente se refire á cobertura dos riscos inherentes a Responsabilidade Civil que se puidera esixir aos arquitectos superiores no desempeño das súas funcións.

(2)- Aporte acordo adoptado pola Comisión Executiva de ASEMAS para que faculte ao seu apoderado a tomar parte no concurso .Este acordo ten que constar con carácter previo e expreso á presentación da súa oferta ao procedemento.

(3)- Acredite a solvencia técnica, xa que na documentación non aporta certificados de boa execución de servizos prestados nos tres últimos anos.
Significándolles aos licitadores que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente os requirimentos no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

En canto os Lotes 2, 3 e 4, tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

I.- Adxudicar a a contratación das pólizas de seguros privados de responsabilidade civil profesional, seguro de accidentes, seguro de gando cabalar, e seguro integral da frota de embarcacións da Deputación Provincial de Lugo expediente 2024/CON_02/000092, aos adxudicatarios e polos importes que se indican a continuación:

| LOTES | ADXUDICATARIO | PREZO DE ADXUDICACIÓN (IVE EXENTO) | OFERTA |
|---|---|---|---|
| 2 | PREVISIÓN BALEAR, M.P.S | 59.980,00 euros | Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación<br>Incremento de suma asegurada para a cobertura de Falecemento por Accidente a 20.000 Euros.<br>Incremento de suma asegurada para a cobertura de Invalidez Permanente por accidente, segundo baremo ata o límite de 20.000 Euros.<br>Incremento capital asegurado para a cobertura de Asistencia Sanitaria en centros de libre elección ata o límite de 3.000 Euros. |
| 3 | MAPFRE ESPAÑA S.A | 4.200,00 euros | Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación.<br>Inclusión de garantía de retirada e destrución para os animais de máis de 14 anos.- |
| 4 | MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS) | 35.359,28 euros<br>Desglosar a prima nos seguintes conceptos:<br>(1) A prima/anual relativa ao seguro de responsabilidade civil (garantía de P&I )é de 10.201,28 euros.<br>A prima desglosada por embarcacións(garantía de P&I ) .<br>1.-Prima/ano na garantía de P&I -Embarcación Pelegrín II- de 2.127,19 euros.<br>2.- Prima/ano na garantía de P&I -Embarcación Pelegrín III- de 2.127,19 euros.<br>3.- Prima/ano na garantía de P&I -Embarcación Canón do Sil- de 1.995,25 euros.<br>4.- Prima/ano na garantía de P&I -Embarcación Mencía-RODMAN R53- de 3.951,68 euros.<br>(2) A prima/anual relativa ao seguro obrigatorio de viaxeiros (SOVI )é de 6.798,00 euros.<br>(3) A prima/anual relativa ao seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegacióné de 18.360,00 euros.<br>A prima desglosada por embarcacións(garantía de P&I ) .<br>1.-Prima/ano na garantía de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación -Embarcación Pelegrín II- de 1.173,42 euros.<br>2.- Prima/ano na garantía de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación -Embarcación Pelegrín III- de 1.173,42 euros.<br>3.- Prima/ano na garantía de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación -Embarcación Canón do Sil- de 1.955,70 euros.<br>4.- Prima/ano na garantía de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación -Embarcación Mencía-RODMAN R53- de 14.057,46 euros. | NON OFERTA MELLORAS |

II.- A duración dos contratos é de un (1) ano. O contrato poderá prorrogarse , se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, puidendo prorrogarse ata un máximo de tres anualidades, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos. A entrada en vigor de todas as pólizas será o día 1 de abril de 2025.

III.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
(...)"

Reunida a Mesa de contratación no día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación emendada do artigo 150 da LCSP, infórmase que a empresa ASEMAS - Mutua de Seguros y Reaseguros (Lote I), presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.
Respecto da documentación presentada polo licitador ASEMAS - Mutua de Seguros y Reaseguros (Lote I), incorpora (1)- Escrituras de acordos sociais onde se acredita que a entidade aseguradora ten un obxecto social adecuado para o desempeño do obxecto da contratación (lote I: seguro de responsabilidade civil profesional de técnicos); (2)- Aporta certificado do acordo adoptado o día 17 de xaneiro de 2025 pola Comisión Executiva de ASEMAS no que faculta ao seu apoderado a tomar parte no concurso,(3); Acredita a solvencia técnica cun certificados de boa execución de servizos prestados no ano 2024 por un importe de 54.301,84 euros.
Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

I.- Adxudicar a a ASEMAS- Mutua de Seguros y Reaseguros o Lote I do expediente da contratación das pólizas de seguros privados de responsabilidade civil profesional, seguro de accidentes, seguro de gando cabalar, e seguro integral da frota de embarcacións da Deputación Provincial de Lugo expediente 2024/CON_02/000092, nas condicións que se indican a continuación:

| LOTES | ADXUDICATARIO | PREZO DE ADXUDICACIÓN (IVE EXENTO) | OFERTA |
|---|---|---|---|
| 1 | ASEMAS - MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS | 18.243,57 euros | Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación.<br>Ampliación do período de indemnización na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 18 meses. |

II.- A duración do contrato é de un (1) ano. O contrato poderá prorrogarse , se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, puidendo

| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 16/47 |

prorrogarse ata un máximo de tres anualidades, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos. A entrada en vigor da póliza será o día 1 de abril de 2025.

III.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 11:10 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico."

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar a ASEMAS **-** Mutua de Seguros y Reaseguros o Lote I do expediente da contratación das pólizas de seguros privados de responsabilidade civil profesional, seguro de accidentes, seguro de gando cabalar, e seguro integral da frota de embarcacións da Deputación Provincial de Lugo expediente 2024/CON_02/000092, nas condicións que se indican a continuación:

| LOTES | ADXUDICATARIO | PREZO DE ADXUDICACIÓN (IVE EXENTO) | OFERTA |
|---|---|---|---|
| 1 | ASEMAS- MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS | 18.243,57 euros | Comprométese ás melloras de coberturas e características técnicas que se relacionan a continuación.<br>-Ampliación do período de indemnización na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 18 meses. |

**2º.-**A duración do contrato é de un (1) ano. O contrato poderá prorrogarse , se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, puidendo prorrogarse ata un máximo de tres anualidades, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos. A entrada en vigor da póliza será o día 1 de abril de 2025.

**3º.-** Existe consignación no orzamento de gastos do 2025, polas cantidades indicadas a continuación.

| LOTE | SEGURO | PRIMA ANUAL DE ADXUDICACIÓN | ENTRADA EN VIGOR DA PÓLIZA |
|---|---|---|---|
| 1 | SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL DOS TÉCNICOS | 18.243,57 euros | 01.04.2025 |

A entidade aseguradora adxudicataria asumirá, en todo caso, o risco obxecto do contrato con independencia de que no momento do inicio do contrato estén ou non aboadas as primas correspondentes.

**4º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos

da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

**5º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**6º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Obras de terminación de edificación para oficinas.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Obras de terminación de edificación para oficinas, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada redactado Abante Arquitectura SLP.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SUXCJNMO77H45DUOEII2O4M.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7VGUHOHYHSQT6I6YUMM4DBOY.
4. Acta de Reformulo Previo, de data 09/01/2024.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7VHSDODMECRRBCXUF5GNPQCI.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SULJI3J7LJVHD2FFDOHTTOQ.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7SULJN3EHPJKP6RROC4AYOOE.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: LUGO.- Obras de terminación de edificación para oficinas, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 90.098,67 €, dos cales 15.636,96 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: TABOADA– MONTERROSO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-4905 “Portomarín (LU-633) – Taboada”, P.K. 10+652 a 24+631 e LU-P-6003 “Couto (LU-212) – Viloide”, P.K. 0+00 A 2+101.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: TABOADA– MONTERROSO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-4905 “Portomarín (LU-633)– Taboada”, P.K. 10+652 a 24+631 e LU-P-6003 “Couto (LU-212)– Viloide”, P.K. 0+00 a 2+101, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SUWQ7OEGOTHHI7QWTOYJVGU.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7SUWRPDUU55SGCQTUX6E3XKE.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7SUWRMLEBNVGF34RORO5SG54.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7SUXBLLZBZ5WNJ4ZQCOAKFDY.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SULJJBE5YVLGMSZHC67Z7GU.


| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 19/47 |

7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7SULJNN4HI5OW4UZYGAB37EE.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: TABOADA–MONTERROSO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-4905 "Portomarín (LU-633)– Taboada", P.K. 10+652 a 24+631 e LU-P-6003 "Couto (LU-212)– Viloide", P.K. 0+00 a 2+101, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 241.940,29 €, dos cales 41.989,64 € corresponden ao IVE (21%)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*3º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: CHANTADA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-1002, LU-P-1802, LU-P-1803, LU-P-1805, LU-P-1806 e LU-P-1818.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: CHANTADA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-1002, LU-P-1802, LU-P-1803, LU-P-1805, LU-P-1806 e LU-P-1818, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7SUCBCMHZL6TPZCXQQ6VSP4A.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SUAAOJ45Z36F4SL5SCMLGCA.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7SUCD5DZPL6SXCWTUS55POOI.

4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7SUCD7JZ74KSVKSRHGN3YDOU.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7SUACMBZ54IRHP4UOXIEJR4Q.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SULJJYH6ZZHZ4SB5BH3RAO4.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7SULJMZAGTT3O4WR7564KRPY.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: CHANTADA.- Rehabilitación de firme regos con gravilla por tramos LU-P-1002, LU-P-1802, LU-P-1803, LU-P-1805, LU-P-1806 e LU-P-1818, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 310.479,66 €, dos cales 53.884,90 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

*Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: BEGONTE– CASTRO DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Cinturón comarcal” P.K. 71+700 a 73+165 e 78+620 a 81+800.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 28/02/2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(...)

*Antecedentes.*

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7VQKITEHZ6J2JOSJYU4ATUGU[1].
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras redactado por D. José Fernández Parajes.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7VQHHZJUJMXT533RHGAABGHY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7VSWXLPJX3TFOY4RIMOVAOHY.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7VSWXSEAODXHOSVQVNPYTUMQ.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7VSXA2JEWJJOUS2Q7Q6B3ACM.
7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 05/12/2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7VSO75PMNTV7UJSYXVCQJGII.
8. Publicación, o día 05/12/2024, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 13/01/2025, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7VYPSCGBF4LWF4ABI54YLCOU.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7VE6SIDEW3XGNTQRNGGB7O6M, reunida en acto público con data 31/01/2025, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

| | |
|---|---|
| CHOLO SL | 14,75 |
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | 16,75 |
| EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | 16,75 |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | 16,25 |
| GRUPO BASCUAS 2008 SL | 14,00 |
| HORDESCÓN SL | 10,50 |
| OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | 12,67 |
| T.A. ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | 12,17 |

[1]Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

DEPUTACIÓN DE LUGO

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

BEGONTE – CASTRO DE REI.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL" P.K. 71+700 A 73+165 E 78+620 A 81+800

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 422.148,53 | | CLASIFICACIÓN: | G-4-3 |
| LCITACIÓN SEN IVE | 348.883,08 | 73.265,45 | IVE. PARTIDA INDEPEND | |
| VALOR ESTIMADO | 383.771,39 € | | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 2 | MESES | MAX 6.977,66 € | S/ LIC SEN IVE |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | DOC "A" | OBJETIVOS (80) | | | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | PREZO (IVE incluído .- art 102) (57,50) | MELLORAS (PAVIMENT E SINALIZ) (10) | AUMENTO PRAZO GARANTÍA 3 ANOS (7,50) | PROGRAMA DIVULGACIÓN (5) | Plantel / Discapacitados |
| 1 | CHOLO SL | | | 375.036,75 € | 30 | SI | 300,00 | 25/1 |
| 2 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | | 403.784,26 € | 0 | SI | 0,00 | 46/0 |
| 3 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | | 422.148,53 € | 200 | SI | 6.977,66 | 7/0 |
| 4 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | | 394.422,01 € | 0 | SI | 1.239,67 | 237/5 |
| 5 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | | 374.867,90 € | 0 | SI | 0,00 | 108/4 |
| 6 | HORDESCÓN SL | | | 414.001,06 € | 0 | NO | 1.390,91 | 18/0 |
| 7 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | | 394.339,00 € | 20 | SI | 100,00 | 55/1 |
| 8 | T.A. ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | | 403.151,43 € | 100 | SI | 677,69 | 40/4 |

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | OBXECTIVOS (80) | | | | | | | | XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20) | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO (57,50) | | MELLORAS (...) (10) | | AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 3 ANOS (7,50) | | PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5) | | MEMORIA TÉCNICA (20) | |
| | | | OFERTA (INCLUÍDO IVA) | | PAVIMENT E SINALIZAR | | SI /NO 7,5 /0 | | MAXIMO 2% LIC SEN IVE | 6.977,66 € | SEGUNDO INFORME TÉCNICO | |
| | | | | PTOS | METROS | PTOS | SI/NO | PTOS | IMPORTE | PTOS | PTOS | |
| 1 | CHOLO SL | | 375.036,75 € | 57,29 | 30,00 | 1,50 | SI | 7,50 | 300,00 | 0,21 | 14,75 | 81,25 |
| 2 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 403.784,26 € | 22,33 | 0,00 | 0,00 | SI | 7,50 | 0,00 | 0,00 | 16,75 | 46,58 |
| 3 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 422.148,53 € | 0,00 | 200,00 | 10,00 | SI | 7,50 | 6.977,66 | 5,00 | 16,75 | 39,25 |
| 4 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 394.422,01 € | 33,72 | 0,00 | 0,00 | SI | 7,50 | 1.239,67 | 0,89 | 16,25 | 58,36 |
| 5 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 374.867,90 € | 57,50 | 0,00 | 0,00 | SI | 7,50 | 0,00 | 0,00 | 14,00 | 79,00 |
| 6 | HORDESCÓN SL | | 414.001,06 € | 9,91 | 0,00 | 0,00 | NO | 0,00 | 1.390,91 | 1,00 | 10,50 | 21,41 |
| 7 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 394.339,00 € | 33,82 | 20,00 | 1,00 | SI | 7,50 | 100,00 | 0,07 | 12,67 | 55,06 |
| 8 | T.A. ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 403.151,43 € | 23,10 | 100,00 | 5,00 | SI | 7,50 | 677,69 | 0,49 | 12,17 | 48,26 |

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | CHOLO SL | | 375.036,75 € |
| 2 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 403.784,26 € |
| 3 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 422.148,53 € |
| 4 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 394.422,01 € |
| 5 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 374.867,90 € |
| 6 | HORDESCÓN SL | | 414.001,06 € |
| 7 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 394.339,00 € |
| 8 | T.A. ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 403.151,43 € |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

| MEDIA |
|---|
| 394.228,92 |

| BAIXA DESPROPORCIONADA |
|---|
| 354.806,02 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 433.651,81 |

| Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mismo grupo: |
|---|
| EXCAVACIONES SANTIÑOS SL |


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 23/47 |

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

| EMPRESAS/ (GRUPO) | | | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | CHOLO SL | | 81,25 |
| 2 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 79,00 |
| 3 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 58,36 |
| 4 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 55,06 |
| 5 | T.A. ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 48,26 |
| 6 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 46,58 |
| 7 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 39,25 |
| 8 | HORDESCÓN SL | | 21,41 |

b) Requirir á mercantil Cholo SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 15.497,39 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Resolución da Presidencia de data 06/02/2025, con CSV: IV7VFTAIZEVTVJHK47YN45DCOA, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: Cholo SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

13. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 07/02/2025, rematando o prazo de presentación o día 21/02/2025.

14. A mercantil Cholo SL, presentou a documentación requirida o 20/02/2025 a través da plataforma de contratos do sector público.


| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 24/47 |

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Cholo SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Cholo SL con C.I.F. B- B-27028810 a contratación da obra denominada BEGONTE– CASTRO DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 "Cinturón comarcal" P.K. 71+700 a 73+165 e 78+620 a 81+800 (2024/CON_02/000074) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 05/12/2024 nos termos seguintes:
a. Prezo de 375.036,75 €, dos cales 65.089,02 € corresponden ao IVE (21%).
b. Melloras de obra consistentes en 30 M de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características indicadas no PCAP.
c. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.
d. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 300,00 € mais IVE.
e. Prazo de execución 1 mes. (previsto nos pregos – 2 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica - 30 días naturais-)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.


| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 25/47 |

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Cholo SL con C.I.F. B- B-27028810 a contratación da obra denominada BEGONTE– CASTRO DE REI.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 "Cinturón comarcal" P.K. 71+700 a 73+165 e 78+620 a 81+800 (2024/CON_02/000074) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 05/12/2024 nos termos seguintes:

a. Prezo de 375.036,75 €, dos cales 65.089,02 € corresponden ao IVE (21%).
b. Melloras de obra consistentes en 30 M de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características indicadas no PCAP.
c. Aumento do prazo de garantía en 3 anos por enriba do obrigatorio.
d. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 300,00€ mais IVE.
e. Prazo de execución 1 mes. (previsto nos pregos – 2 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica - 30 días naturais-)

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.


| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 26/47 |

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**5º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE PARCELAS, PROPIEDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, NO CONCELLO DE BEGONTE, MEDIANTE POXA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

"...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A. (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.
a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís nas condicións establecidas no informe de intervención provincial de data de 20 de novembro de 2020.
A incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020."

A extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, acordada polo Pleno da Deputación Provincial, en Sesión Extraordinaria, celebrada en data de 30 de novembro de 2020, mediante a cesión de activo e pasivo, consonte o artigo 83 da Lei 3/20019, de 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís implica a subrogación da Deputación Provincial de Lugo na posición xurídica de SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas das que esta era titular.

De acordo co exposto, a Deputación Provincial realiza este procedemento de alleamento de parcelas no Polígono Industrial "Saavedra" no Concello de Begonte e solo rústico lindeiro con este Polígono Industrial, dando cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno desta corporación , en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte, e promovendo, así, o desenvolvemento económico da

provincia a través dun concepto vertebrador de estruturas produtivas e ,deste modo, potenciando o a implantación de novas actividades económicas neste termo municipal e o desenvolvemento de actividades agrícolas, gandeiras e forestais no solo cualificado como rústico.

Coa dita finalidade o procedemento será de concorrencia pública mediante a celebración de poxa pública e se levará a cabo por esta Deputación Provincial, para o que se redacta o prego reitor coas condicións xerais que servirán para a adxudicación das parcelas.

Tendo en conta o informe emitido ao efecto pola Sección de Patrimonio e a Secretaría Xeral, n data de 27 de febreiro de 2025, con CSV IV7SULPDYEOIXW5SSBQ4OAJXDY.

Visto o informe emitido pola Intervención Provincial, en data de 28 de febreiro de 2025, con CSV IV7SUOY6PQUN2RH2UEYSMVKU6M.

Tendo en conta todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de diversas parcelas de solo urbano de uso industrial e solo rústico situadas no Concello de Begonte mediante a celebración de poxa pública.

**2º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública de alleamento mediante a celebración dunha poxa e a súa adxudicación.

**3**.- Proceder á publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO PARCIAL DE SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADA Á ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E TRÁMITE DE AUDIENCIA.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"*Antecedentes de feito.*

1. Na sesión de Xunta de Goberno da Deputación de data 17 de xullo de 2020, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa de carácter excepcional outorgada, por importe de 36.907,92€, a favor da Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados

da execución da actuación "Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte", na anualidade do 2020. O convenio foi subscrito o 31 de xullo de 2020.

2. O 17.03.2021, a Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos presentou a conta relativa á citada subvención.

3. O 18.03.2021, a Sección de Promoción Económica e Emprego informa que se "considéran cumpridos os fins para os cales se outorgou a subvención, a adecuación dos gastos realizados aos mesmos e a corrección da documentación presentada, polo que se considera procedente previos os demais trámites regulamentarios e informes correspondentes recollidos na devandita Ordenanza, a aprobación da documentación xustificativa e o abono da cantidade de 36.907,92 €, xa que a entidade non recibiu anticipo ningún."

4. O 26 de marzo de 2021, a vista a documentación achegada así como o informe favorable do Servizo de Promoción Económica e Emprego, a Intervención da Deputación Provincial de Lugo fiscalizou de conformidade o expediente.

5. O 10 de decembro de 2021 acórdase adxudicar o contrato dos servizos de colaboración coa Intervención Provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións dentro do Plan Anual de Control Financeiro á empresa BM Neira Auditores, S.L.P.

6. O 12 de xaneiro de 2022, procédese, por parte da empresa auditora a asinar a aceptación da adxudicación e a acta de inicio dos traballos. Posteriormente, en data 30 de marzo de 2022 a firma auditora presenta solicitude de prórroga do contrato do servizo a cal foi resolta favorablemente polo presidente da Deputación en data 25 de abril de 2022.

7. O 26 de setembro de 2022, Intervención emite comunicación ao Órgano Xestor sobre inicio de actuacións de Control Financeiro do expediente nº 2020/OSB_01/000006 da Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos.

8. O 30 de xaneiro de 2025 a intervención Xeral Provincial remite informe provisional, do 20 de xaneiro de 2025, a Sección de Promoción Económica e Emprego, indicando o inicio do prazo de alegacións e coas seguintes conclusións e recomendacións ao órgano xestor e ao beneficiario:

"5. Conclusións e recomendacións.

5.1. Conclusións.

5.1.1. Conclusións respecto ao beneficiario.
A entidade Asociación Centro Comercial Urbano Monforte cumpriu, con carácter xeral, cos requisitos e compromisos establecidos no convenio regulador aprobado, segundo os feitos detectados no punto II. 1. 1.2. Feitos constatados respecto ao beneficiario, excepto por:
A entidade beneficiaria incumpre parcialmente a cláusula sexta do convenio no referente ao uso do galego segundo o disposto no artigo 7, apartado 3 e 4 da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 212, de 14 de setembro de 2016.
Detectáronse gastos non subvencionables correspondentes a unha páxina Web creada ("www.drogueriabicos.com") que non se atopa operativa por cese de actividade comercial da entidade asociada dende o mes de decembro de 2021, nas probas de auditoría realizadas non se puido verificar o seu adecuado funcionamento, incumprindo o indicado na cláusula adicional de "Bens inventariables" e no artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións, nas cales se indica que, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables a entidade beneficiaria debe destinalos bens ao fin concreto por un período mínimo de dous anos.
Atendendo ao exposto anteriormente, o custo total do proxecto validado segundo auditoría, é proporcional ao número de páxinas Webs que se atopan en funcionamento á data de revisión, ascendendo a 37.879,18 euros sendo o importe da axuda concedida que procede ascende a 35.985,22 euros.
Polo que o importe que corresponde reintegrar pola entidade beneficiaria por incumprimento da cláusula adicional "Bens inventariables" do convenio regulador da axuda ascende a 922,70 € máis os correspondentes intereses de demora devengados.

5.1.2. Conclusións respecto á xestión.
Os requirimentos efectuados ao beneficiario para a emenda de documentación non se realizaron a través comunicación e notificación telemática.

5.2. Recomendacións.

5.2.1. Recomendacións ao beneficiario.
En base aos feitos detectados no punto 1.2. Feitos constatados respecto ao beneficiario, puxéronse de manifesto unha serie de debilidades que deberían emendarse.
As recomendacións para emendar estes feitos son:
A Asociación Centro Comercial Urbano Monforte de Lemos debería cumprir co requisito de facer en galego as campañas publicitarias e de promoción de actividades de acordo coa cláusula sexta do convenio.
A entidade beneficiaria deberá proceder ao reintegro da axuda percibida por importe de 922,70 euros máis o importe dos intereses de demora correspondentes.

5.2.2. Recomendacións ao órgano xestor.
En base aos feitos detectados no punto II. Resultados do Traballo do presente informe, puxéronse de manifesto unha serie de debilidades que deberían emendarse.

As recomendacións para emendar estes feitos son:
Recoméndaselle ao órgano xestor que verifique o cumprimento por parte do beneficiario os requisitos de publicidade na fase de xustificación da axuda concedida.
O órgano xestor deberá realizar os requirimentos de documentación de forma oficial, é dicir, mediante comunicación e notificación electrónica."

9. No punto 4 do informe provisional emítese valoración global:
"Da análise da xestión e xustificación da subvención obtivéronse os seguintes resultados globais:
De acordo cos procedementos de revisión efectuados, e á vista dos resultados do traballo postos de manifesto no apartado "II. Resultados do Traballo" do presente informe, non se detectaron incidencias en relación á correcta obtención, desfrute e destino da axuda excepto polo indicado no punto "5. Conclusión e Recomendación".
Do exame das incidencias considérase necesario aplicar a corrección financeira indicada a continuación, o beneficiario Asociación Centro Comercial Urbano Monforte de Lemos, debe proceder ao reintegro da axuda percibida por importe de 922,70 euros máis o importe dos intereses de demora devengados correspondentes, debido ao incumprimento da cláusula adicional "Bens inventariables" do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo para a realización da actuación "Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte", na anualidade 2020, e co artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións, nas cales se indica que, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables a entidade beneficiaria debe destinalos bens ao fin concreto por un período mínimo de dous anos, non se puido verificar o adecuado funcionamento da páxina Web "www.drogueriabicos.com" á data de revisión debido ao cese da actividade comercial da entidade asociada."
Ao mesmo tempo indica que o informe ten carácter provisional e que o destinatario poderá presentar cantas alegacións estime oportunas durante o prazo de 15 días a contar dende a súa recepción. Transcorrido o prazo o outorgado, emitirase o informe definitivo, o cal incluirá as alegacións recibidas e as observacións do órgano de control. De non constar alegacións, o informe provisional elevarase a definitivo.

10. O 12 de febreiro de 2025, Intervención remite á Sección de Promoción Económica e Emprego as alegacións presentadas pola entidade beneficiaria, do 10 de febreiro de 2025, onde expón o seguinte:
"Consideramos que o reintegro de 922,70 € proposto, debido á inactividade da páxina web, debe axustarse proporcionalmente ao período no que a web non estivo operativa. A web cumpriu a súa finalidade durante os primeiros 15 meses (outubro de 2020 até decembro de 2021), polo que solicitamos que o reintegro se realice só polos 9 meses de incumprimento (de xaneiro a setembro de 2022), en lugar da

totalidade do importe, xa que o traballo de desenvolvemento da web foi realizado e utilizado durante o período en que estivo activa.
[...]
Con respecto ao uso do galego nas campañas publicitarias da Asociación, recoñecemos que algúns comercios asociados optaron por utilizar o castelán nas súas páxinas web, xa que estas estaban orientadas ao ámbito nacional e co fin de facilitar unha maior accesibilidade aos seus clientes. É importante destacar que, aínda que esta decisión foi tomada por algúns asociados, dende a Asociación sempre se fixo fincapé no uso do galego nas actividades e campañas."

11. O 13 de febreiro de 2025 a Sección de Promoción Económica e Emprego emite alegacións e remíteas a Intervención, concluíndo o seguinte:

"1. A entidade beneficiaria tiña o compromiso de destinar os bens inventariables, a creación de páxinas web para o comercio local, xerando un compromiso de mantemento destas durante un período mínimo de dous anos, e así lograr o fin concreto para o que se concedeu á subvención.
2. Do informe informe Provisional da Intervención Xeral e do escrito de alegacións da entidade beneficiaria, dedúcese que a empresa correspondente ca paxina web creada "www.drogeuriabicos.com" , é unha das 40 webs creadas por parte da entidade Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos e que dita empresa cesou actividade comercial en decembro de 2021.
3. O compromiso adquirido de mantemento da páxina web era de 24 meses, o que implica un incumprimento de nove meses por parte da entidade beneficiaria da subvención Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos.
4. En aplicación do principio de proporcionalidade considerase oportuno o reintegro parcial da subvención de forma proporcional ao tempo de incumprimento, é dicir por 346,01 € . Cantidade que resulta do calculo seguinte; a cantidade proposta no informe Provisional da Intervención Xeral 922,70 €, divídese entre o total de meses que xera a obriga (24 meses) este resultado multiplicase por 9 (sendo este o total de meses de incumprimento) o resultado cómpre aplicar os correspondentes intereses de demora devindicados."

*Lexislación aplicable.*

Constitución Española de 1978.
Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se proba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Bases de execución do orzamento provincial da Deputación de Lugo para o exercicio 2021.
Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo
Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2022)
Convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional subscrito pola Deputación Provincial de Lugo e á Asoc. Centro Comercial Urbano Monforte de Lemos o 31.07.2020.

*Consideracións xurídicas.*

1. No artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións establecese que:
"No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:
a) As bases reguladoras fixarán o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens."

2. No artigo 33.1 da Lei de subvencións da Galicia establecese:
"Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:
[…]
f) Incumprimento das obrigacións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, realízase a actividade, executase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
g) Incumprimento das obrigacións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derívese a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatiais, da Unión Europea ou de oranismos internacionais.
[…]"

3. No artigo 38. Procedemento de reintegro da lei de subvencións de Galicia establecese que:

“O procedemento de reintegro de subvencións iniciarase de oficio por acordo do órgano competente, ben a propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia. Tamén se iniciará como consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.”

4. O artigo 37 (Procedemento de reintegro) da Ordenanza xeral de Subvencións da Deputación de Lugo establece:
“1. O órgano competente para iniciar o procedemento de reintegro é o órgano concedente da subvención, ben a propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos, por denuncia ou a solicitude de informe de control financeiro emitido pola Intervención.
2. Na tramitación do procedemento de reintegro garantirase en todo caso o dereito do interesado á audiencia.
5. Na cláusula sexta, sétima e na cláusula adicional segunda do convenio que canaliza a subvención, establecese:
“Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.
O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas desta subvención.”
“Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.
Obriga establecida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 30 da mesma Lei, así como nos artigos 69 e 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, relativas á xustificación das subvencións públicas, nos artigos 19 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente.
O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.
[…]

*Gastos subvencionables.*

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidata, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2020.
[…]

*Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionable.*

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte do beneficiario, da seguinte documentación :
Solicitude debidamente cumprimentada.
Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.
Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:
[…]
Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia no parágrafo anterior, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.
Dúas fotografías do investimento realizado.
Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.
Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaecesen entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.
Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores…
[…]
Declaración responsable na que se faga constar que, a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.
[…]

"Cláusula adicional Segunda.- Bens inventariables.
De conformidade co establecido no artigo 31 da LXS, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:
O beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.
O incumprimento da obriga de destino referida anteriormente, que se producirá, en todo caso, co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da LXS, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral.
Non se considerará incumprida a obriga de destino referida no parágrafo anterior cando, os bens foran substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin

para o que se concedeu a subvención, e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fora autorizada pola Deputación de Lugo."

6. O artigo 78 (Inicio do procedemento de reintegro por proposta da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que:
"1. Cando das actuacións de control financeiro de subvencións realizadas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma puxésese de manifesto a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas na lei, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma propoñerá no seu informe o inicio do procedemento de reintegro.
2. O órgano concedente deberá manifestar a súa conformidade ou desconformidade total ou parcial coa proposta de inicio de expediente de reintegro no prazo dun mes desde a recepción do informe.
3. No caso de manifestar a conformidade, o órgano concedente acordará o inicio do procedemento de reintegro. O acordo deberá adoptarse no prazo dun mes desde a comunicación da conformidade e deberá incluír o contido da proposta de inicio de procedemento de reintegro formulada pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. O acordo seralle notificado ao beneficiario ou á entidade colaboradora. O órgano concedente remitirá copia do acordo de inicio á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
4. No caso de manifestar a desconformidade, esta deberá estar motivada e comunicarase á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma no prazo dun mes desde a recepción do informe."

7. O artigo 77 (Regras xerais) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que:
"1. No acordo polo cal se inicie o procedemento de reintegro, deberán indicarse a causa que determina o seu inicio, as obrigacións incumpridas e o importe da subvención afectado.
2. O acordo seralle notificado ao beneficiario ou, no seu caso, á entidade colaboradora, e concederanlle un prazo de quince días para que alegue ou presente os documentos que considere pertinentes.
3. O inicio do procedemento de reintegro interromperá o prazo de prescrición de que dispón a Administración para esixir o reintegro, #de acordo con o establecido no artigo 35 da Lei de subvencións de Galicia.[…]"

*Conclusións.*

De conformidade co establecido nos artigos 41 e 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, correspóndelle ao órgano concedente a competencia para iniciar e resolver o procedemento de reintegro daquelas subvencións que se concederon.

O Informe recollido nos antecedentes Oitavo e Noveno anteriores, elaborados con motivo do Plan Anual de Control Financeiro 2021(Anualidade 2020), puxeron de manifesto que a Asociación Centro Comercial Urbano Monforte de Lemos incumpriu:
A cláusula adicional "Bens inventariables" do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional, outorgada pola Deputación Provincial de Lugo para a realización da actuación "Axudas para a dixitalización do comercio asociado de Monforte", na anualidade 2020
E o artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións, no cal se indica, que no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables a entidade beneficiaria debe destinalos bens ao fin concreto por un período mínimo de dous anos, por non poder verificar o adecuado funcionamento da páxina Web "www.drogueriabicos.com" debido ao cese da actividade comercial da entidade asociada dende o mes de decembro de 2021.", polo que sinala a necesidade de que por parte do órgano xestor da subvención se inicie o correspondente expediente de reintegro por importe de 922,70 €.
O órgano xestor ante as alegacións presentadas pola entidade beneficiaria e en aplicación do principio de proporcionalidade considerase oportuno o reintegro parcial da subvención de forma proporcional ao tempo de incumprimento, 9 meses, polo importe de 346,01 €, máis os correspondentes intereses de demora devindicados.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Iniciar o procedemento de reintegro parcial da subvención excepcional concedida á Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos, na anualidade 2020, debido a causa do incumprimento da cláusula adicional "Bens inventariables" do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional e do artigo 31.4 da Lei Xeral de Subvencións, nas cales se indica que, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables a entidade beneficiaria debe destinalos bens ao fin concreto por un período mínimo de dous anos, non podendo verificar o adecuado funcionamento da páxina Web "www.drogueriabicos.com" debido ao cese da actividade comercial da entidade asociada dende o mes de decembro de 2021, polo que procede o reintegro parcial da axuda concedida por importe de 346,01€ máis os correspondentes intereses de demora devindicados.

**2º.-** Nomear instrutor do procedemento de reintegro a Xefa de Servizo de Promoción Económica e Social.

**3º.-** Dar trámite de audiencia á entidade Asoc. Centro Comercial Urbano de Monforte de Lemos por un prazo de quince días contados a partir do día seguinte a notificación

deste acordo, ao obxecto de formular alegacións ou presente a documentación que considere pertinentes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2025.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo co fin de promover e difundir o deporte nassúas distintas disciplinas, sendo consciente das dificultades que teñen que afrontar os e as deportistas lucenses de modalidades individuais, para progresaren na súa formación integral e para articular a súa participación dentro dese espazo deportivo e como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva de competición e de implicación do/ da deportista, na perspectiva desa actividade como fórmula de extensión do benestar social.

Á vista que de acordo ao previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións desta Excma.Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023-2025) (actualización para o ano 2025, Anexo I, sobre liñas actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2025 aprobado por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 24 de xaneiro de 2025), e busca promover ente outros obxectivos específicos:

1) Promover e fomentar a participación das entidades deportivas da provincia nas distintas competicións das súas respectivas disciplinas e modalidades.
4) Fomentar o deporte autóctono e tradicional, o deporte recreativo e o dedicado a saúde. Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.
5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, a loita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.
6) Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.
12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.
13) Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.
14) Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 38/47 |

17) Á promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.
20) Á promoción e formación deportiva, con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saudable e deporte autóctono e tradicional.
22) Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.

Visto o informe do Servizo de Deportes.

Visto o informe do Servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais 2025.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481 do orzamento da anualidade 2025, segundo se recolle no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, e dentro da Liña 12.1 C) Deportesda Área funcional de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

**3º.-** Aprobar os modelos de anexos de solicitude desta convocatoria."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PÚBLICA E AS BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE "TÉCNICO/A" VINCULADA AO PROGRAMA EUROPEO "IMPULSO DEL ECOSISTEMA DE ECONOMÍA SOCIAL EN EL SECTOR AGROALIMENTARIO "AGROSOCIAL".**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Dende a Área de Promoción Económica e Social, Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo remítese escrito no que pon de manifesto que vaise desenvolver un programa europeo: Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario - Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027.

O Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), na reunión do 22.04.2024 en TEAMS, acordou a concesión dunha axuda FEDER ao proxecto 0297_Agrosocial_6_E presentado á Cuarta convocatoria do que a Deputación Provincial de Lugo é un dos beneficiarios participantes.

Para poñer en marcha e xestionar o programa é preciso contar con persoal que preste servizos como Técnico/a de proxecto, cuxa financiación irá con cargo a axuda concedida no marco do Programa europeo: Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario - Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021– 2027.

Constatando que non existe persoal na Entidade que poda prestar os citados servizos, segundo os datos que figuran no Servizo de Recursos Humanos, débese acudir a incorporar persoal laboral temporal ao considerar que a necesidade e a urxencia da incorporación de efectivos está motivada na imposibilidade de poñer en marcha o Programa sen contar con efectivos así como pola data de inicio do mesmo, cumprindo as exixencias da normativa vixente, en particular as referidas ao artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, que establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e non aprazables, nos supostos e de acordo coas modalidades previstas polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada por Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na súa redacción dada pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, así como no resto de normativa aplicable”.

Nas listaxes de emprego temporal vixentes non existe a categoría de “Técnico/a de proxecto” polo que resulta necesario convocar o proceso selectivo para confeccionar a listaxe de “Técnico/a de proxecto”, ao obxecto de poder realizar os chamamentos para a prestación de servizos temporais en réxime xurídico laboral motivado na propia exixencia do programa europeo: Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario - Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027.

Con fundamento no exposto con anterioridade; a incorporación destes efectivos está suficientemente xustificada; cumpríndose as esixencias da normativa vixente, en particular os referidos ao artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, en uso das atribucións que lle confire

á Xunta de Goberno a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da deputación Provincial de Lugo (BOP nº 56, de 10 de marzo do 2011), propoño á Xunta de Goberno acordar:

**1º.-** Aprobar as bases que rexeran o proceso selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal, de “Técnico/a de proxecto”, ao obxecto de prestar servizos de carácter laboral temporal na Deputación Provincial de Lugo vinculados/as ao programa europeo: Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario - Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027, mediante o sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, grupo A, subgrupo A2.

**2º.-** Aprobar a convocatoria pública do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de “Técnico/a de proxecto”, ao obxecto de prestar servizos de carácter laboral temporal na Deputación Provincial de Lugo vinculados/as ao programa europeo: Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario - Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027, mediante o sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, grupo A, subgrupo A2.

**3º.-** Empregar as listaxes de emprego temporal que se convocan exclusivamente para a incorporación de persoal financiado con cargo á axuda concedida no marco do programa europeo: “Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario “AGROSOCIAL””, dentro da convocatoria INTERREG VIN A España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027.

**4º.-** Aplicar os criterios que regulan o funcionamento das Listaxes de Emprego Temporal da Deputación Provincial de Lugo, recollidos nas resolucións de Presidencia de datas 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8 de outubro de 2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26 de decembro de 2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15 de febreiro de 2019), ou, no seu caso, segundo os criterios vixentes no momento da súa aplicación.

**5º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos sinalados nas bases, desexe participar no proceso selectivo.

**6º.-** Ordear a publicación da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases.

**7º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PÚBLICA E AS BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE "COORDINADOR/A" VINCULADA AO PROGRAMA EUROPEO "IMPULSO DEL ECOSISTEMA DE ECONOMÍA SOCIAL EN EL SECTOR AGROALIMENTARIO "AGROSOCIAL".**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Dende a Área de Promoción Económica e Social, Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo remítese escrito no que pon de manifesto que vaise desenvolver un programa europeo: Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario - Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027.

O Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), na reunión do 22.04.2024 en TEAMS, acordou a concesión dunha axuda FEDER ao proxecto 0297_AGROSOCIAL_6_E presentado á Cuarta convocatoria do que a Deputación Provincial de Lugo é un dos beneficiarios participantes.

Para poñer en marcha e xestionar o programa é preciso contar con persoal que preste servizos como Coordinador/a de proxecto, cuxa financiación irá con cargo a axuda concedida no marco do programa europeo: Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario - Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027.

Constatando que non existe persoal na Entidade que poda prestar os citados servizos, segundo os datos que figuran no Servizo de Recursos Humanos, débese acudir a incorporar persoal laboral temporal ao considerar que a necesidade e a urxencia da incorporación de efectivos está motivada na imposibilidade de poñer en marcha o Programa sen contar con efectivos así como pola data de inicio do mesmo, cumprindo as exixencias da normativa vixente, en particular as referidas ao artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, que establece que "Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de persoal funcionario interino excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e non aprazables, nos supostos e de acordo coas modalidades previstas polo texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na súa redacción dada por Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público,

na súa redacción dada pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, así como no resto de normativa aplicable".

Nas listaxes de emprego temporal vixentes non existe a categoría de "Coordinador/a de proxecto" polo que resulta necesario convocar o proceso selectivo para confeccionar a listaxe de "Coordinador/a de proxecto", ao obxecto de poder realizar os chamamentos para a prestación de servizos temporais en réxime xurídico laboral motivado na propia exixencia do programa europeo: impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario - Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027.

Con fundamento no exposto con anterioridade; a incorporación destes efectivos está suficientemente xustificada; cumpríndose as esixencias da normativa vixente, en particular os referidos ao artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, en uso das atribucións que lle confire á Xunta de Goberno a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da deputación Provincial de Lugo (BOP nº 56, de 10 de marzo do 2011), propoño á Xunta de Goberno acordar:

**1º.-** Aprobar as bases que rexeran o proceso selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal, de "Coordinador/a de proxecto", ao obxecto de prestar servizos de carácter laboral temporal na Deputación Provincial de Lugo vinculados/as ao programa europeo: Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario - Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027, mediante o sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, grupo A, subgrupo A2.

**2º.-** Aprobar a convocatoria pública do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de "Coordinador/a de proxecto", ao obxecto de prestar servizos de carácter laboral temporal na Deputación Provincial de Lugo vinculados/as ao programa europeo: Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario- Agrosocial, dentro da convocatoria INTERREG VIN a España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027, mediante o sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, grupo A, subgrupo A2.

**3º.-** Empregar as listaxes de emprego temporal que se convocan exclusivamente para a incorporación de persoal financiado con cargo á axuda concedida no marco do programa europeo: "Impulso del ecosistema de economía social en el sector agroalimentario "AGROSOCIAL"", dentro da convocatoria INTERREG VIN A España – Portugal (POCTEP) 2021 – 2027.


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 43/47 |

**4º.-** Aplicar os criterios que regulan o funcionamento das Listaxes de Emprego Temporal da Deputación Provincial de Lugo, recollidos nas resolucións de Presidencia de datas 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8 de outubro de 2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26 de decembro de 2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15 de febreiro de 2019), ou, no seu caso, segundo os criterios vixentes no momento da súa aplicación.

**5º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos sinalados nas bases, desexe participar no proceso selectivo.

**6º.-** Ordear a publicación da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases.

**7º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDADE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C – SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, AUTORIZADA POLO ART. 217 DO REAL DECRETO LEI 5/2023, DO 28 DE XUÑO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023 – IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 172, do 26.07.2024.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, tres prazas de Administrativo, da escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire a Disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), fixéronse públicas no BOP núm. 172, do 26.07.2024.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditados polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionarias de carreira a:

Dona Marta María Vázquez Fernández, para ocupar a praza número 610, denominada Administrativo/a, escala administración xeral, subescala administrativa, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, da cota xeral, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 745, vinculado á citada praza.

Dona Rebeca González Casar, para ocupar a praza número 593, denominada Administrativo/a, escala administración xeral, subescala administrativa, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, da cota xeral, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 1628, vinculado á citada praza.

Dona Estibalíz Castelao García, para ocupar a praza número 25, denominada Administrativo/a, escala administración xeral, subescala administrativa, grupo C – subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, da cota xeral, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño), adxudicándolle o posto de traballo denominado Administrativo/a Entrada número 1687, vinculado á citada praza."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUNHA VIXILANTE MEDIOAMBIENTE DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o asunto sobre a mesa co obxecto de engadir informes para complementar o expediente.

**14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 99/2025.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Vista a cédula de emprazamento do Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Lugo no Procedemento Ordinario 99/2025, promovido por D. Julio Pérez López fronte á Deputación Provincial de Lugo en exercicio de acción de cumprimento contractual, á Xunta de Goberno proponse a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no Procedemento Ordinario referenciado."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 53/2025.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"No Procedemento Abreviado 167/2024-S seguido a instancia de ADIF Entidad Pública Empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias fronte ás liquidacións dos anos 2016 e 2017 do IBI dos bens catastrais 7487706PJ3278N0001BK, 27019A036011030001YT, 27019A036011040001YF, 2162002PJ3326S0001RM e 258001PJ3325N0001TZ, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo ditou a Sentenza nº 53/2025, de data 30 de xaneiro de 2025, cuxo fallo é o seguinte:

"*1. Debo estimar y estimo en parte el recurso interpuesto por la entidad ADIF contra la Diputación Provincial de Lugo y anulo la resolución recurrida en tanto que inadmite el recurso de reposición interpuesto contra la liquidación notificadas con relación a los IBIs reseñados.*
*2. Procede que la Administración retrotraiga las actuaciones y proceda a resolver sobre el fondo del asunto en concreto sobre la eventual prescripción de las liquidaciones de los años 2016 y 2017 alegado en el recurso de reposición interpuesto.*
*3. Cada parte asumirás las costas causadas a su instancia y las comunes por mitad.*
*4. La presente resolución es firme."*

Mediante Decreto de data 20 de febreiro de 2025 declarouse a firmeza da devandita Sentenza.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción do seguinte acordo:


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 46/47 |

**1º.-** Darse por enterada da devandita Sentenza nº 53/2025, do 30 de xaneiro de 2025, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 167/2024-S.

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*Dación de conta da sentenza nº 292/2024.*

Dase conta da Sentenza nº 292/2024, de 16 de decembro de 2024, ditada polo Xulgado de Instrución nº 1 de Lugo no Xuízo sobre Delitos Leves 1106/2023, e en cuxo fallo dí o seguinte: "*Que debo condenar y condeno a Kevin Piñeiro Gil y Francisco Javier Cajigal Naveira como autores de un delito leve de hurto, a la pena de 20 días de multa a razón de una cuota diaria de 4 euros al día y a las costas procesales. Esta resolución no es firme. Contra ella cabe interponer recurso de apelación en el plazo de cinco días a contar desde el siguiente al de su notificación*". Mediante auto de data 25 de febreiro dito Xulgado declara firme dita sentencia.

A Xunta de Goberno queda enterada.

**17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**A PRESIDENTA,**

**O SECRETARIO,**


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Fecha y Hora | 20/03/2025 09:48:27 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PILAR GARCÍA PORTO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SQYL5ZZUMRPNY4X74O52QO4 | Página | 47/47 |